

Dossier de prensa

Programación Letras Galegas 2014

Consellería de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

XUNTA DE GALICIA



ACTIVIDADE DA XUNTA DE GALICIA PARA CONTRIBUÍR Á DIFUSIÓN DA OBRA DE XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO, AUTOR HOMENAXEADO NO DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2014

A Real Academia Galega acordou dedicar o Día das Letras Galegas 2014 ao escritor lugués Xosé María Díaz Castro, autor dunha importante obra poética en lingua galega.

Para apoiar o coñecemento e valoración social deste autor e da súa obra, a Xunta de Galicia deseñou un programa de actuacións, en colaboración con diferentes institucións e coa intención de lle outorgar á celebración un carácter transversal que implique o conxunto da sociedade. Os principais obxectivos deste programa de actuacións son:

- Dar a coñecer a obra poética de Díaz Castro e contribuír ao recoñecemento do seu traballo literario.
- Reforzar o valor social da lingua galega e da creación destacada no noso idioma.
- Promover a difusión desta celebración para facer partícipe a cidadanía e as entidades sociais, favorecendo a programación de iniciativas desde diferentes ámbitos.
- Impulsar a colaboración e coordinación coas entidades de referencia de Galicia no ámbito cultural que participen na conmemoración do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas.



PROGRAMA DE ACTUACIÓN 2014

Ao longo de 2014 a celebración das Letras Galegas e as actuacións de difusión da vida e da obra de Díaz Castro serán protagonistas en distintas localidades de Galicia. A seguir relaciónnase un adianto da programación, en colaboración con diversas entidades e institucións, prevista pola Xunta de Galicia nos vindeiros meses:

Inicio das actividades o 19 de febreiro: centenario do nacemento do autor

Xosé María Díaz Castro naceu nos Vilares, en Guitiriz, o 19 de febreiro de 1914. Coincidindo co centenario do seu nacemento, o 19 de febreiro a Xunta de Galicia, a Real Academia Galega, a Asociación Cultural Xermolos, o Concello de Guitiriz, o Centro Pen de Galicia e a Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG) daranlle inicio ás actividades arredor da vida e da obra deste autor, coa participación conxunta nos actos commemorativos desta efeméride e coa inauguración en Guitiriz da exposición da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que percorrerá Galicia ao longo de 2014.



1. EDICIÓN CONMEMORATIVAS

1.1 Libro DVD sobre Díaz Castro. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en colaboración con Galaxia, editarán este ano unha completa biografía de Díaz Castro, que, ademais da súa distribución comercial, estará dispoñible na Rede de Bibliotecas de Galicia.

1.2 Cadernos Ramón Piñeiro. Volume XXIX. Nimbos: cáliz fervendo!, impulsada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

1.3 Edición institucional conmemorativa da figura de Díaz Castro.

1.4 Edición en inglés de Nimbos. Na colección Galician Classics, promovida pola Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Cultura, e Small Station Press, verá a luz un novo título para a difusión exterior da literatura galega. *Nimbos* é a obra escollida para a tradución inglesa que permitirá dar a coñecer noutras áreas lingüísticas ao poeta homenaxeado.

1.5 Traducción ao éuscaro de Nimbos. Argi-koroak é o título da edición bilingüe promovida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística en colaboración co Goberno Vasco, traducida por Gerardo Markuleta.

1.6 Edición rusa de Nimbos, por Elena Zernova, editada polo Centro de Estudios Galegos da Universidade de San Petersburgo, co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística.



1.7 Reedición de *Versos guitiricenses. Xosé María Díaz Castro*, da Asociación Xermolos, en formato de banda deseñada, coa colaboración da Consellería de Cultura e Educación.

1.8 Marcapáxinas conmemorativo para o Día do Libro (23 de abril), con poemas de Díaz Castro, para a súa distribución nas librerías, no marco da colaboración da Secretaría Xeral de Cultura coa Federación de Libreiros de Galicia.

1.9 Calendario Díaz Castro 2014. No marco da colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Guitiriz editáronse e distribuíronse máis de 3.000 calendarios conmemorativos das Letras Galegas 2014, deseñados por Xosé Antón Cascudo, en todos os centros galegos de España e en todas as vivendas de Guitiriz e arredores.



Xosé María Díaz Castro. Letras Galegas 2014

2. ACTUACIÓNS DE DIFUSIÓN SOCIAL DA OBRA DE DÍAZ CASTRO


2.1 Exposición itinerante *Nimbos de luz*. O 19 de febreiro, coincidindo co centenario do nacemento de Díaz Castro, iniciará en Guitiriz a súa itinerancia a mostra *Nimbos de luz*, un achegamento á vida e á obra do poeta a través de 14 paneis temáticos e do documental *O instante eterno* (de audición individual), ademais dun folleto de man e dunha selección de manuscritos e obxectos persoais que se mostrarán en vitrina.

2.2 Roteiros para coñecer a Díaz Castro. O Museo do Castro de Viladonga, da Xunta de Galicia, organiza, en colaboración co Club Cultural Valle-Inclán, unha viaxe-homenaxe a Díaz Castro o domingo 25 de maio polas terras de Guitiriz e Parga, visitando paisaxes e lugares vinculados ao autor, con lecturas públicas da súa obra e o acompañamiento musical de Mini e Mero. Ademais deste, a Secretaría Xeral de Cultura colabora co concello de Guitiriz na planificación de roteiros polo municipio vinculados ás paisaxes poéticas e á vida de Díaz Castro.

2.3 Poesía nos supermercados. No marco da colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e Vegalsa-Eroski na campaña Letras Galegas 2014, a poesía de Díaz Castro chegará aos establecementos da compañía galega de distribución alimentaria no mes de maio.



EXPOSICIÓN ITINERANTE



- 14 paneis temáticos
- Multimedia con auriculares, co documental *O instante eterno*
- Vitrinas con obxectos persoas e mostras bibliográficas
- Folletos co resumo do contido da expo

Promovida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en colaboración con Galaxia/Merlín Comunicación, **Nimbos de luz** percorrerá Galicia ao longo de 2014 para dar a coñecer a vida e a obra de Díaz Castro.

A exposición está comisariada por Alfonso Blanco Torrado, Luís González Tosar e Armando Requeixo, estudiosos da obra do autor lugués. Dun xeito divulgativo, para todos os públicos, preséntase o percorrido vital que o levou de Guitiriz a Mondoñedo, pasando por Vilagarcía de Arousa e Madrid.



ITINERANCIA DA EXPOSICIÓN

GUITIRIZ Casa Habanera	Inauguración o 19/02/2014 Do 19/02 ao 08/03
VIGO Delegación Territorial Xunta	Do 11/03 ao 24/03
PONTEVEDRA Biblioteca nodal	Do 26/03 ao 14/04
CERCEDA Centro Cívico	Do 16/04 ao 08/05
SANTIAGO DE COMPOSTELA Biblioteca nodal	Do 10/05 ao 26/05
A ESTRADA Casa das Letras	Do 28/05 ao 11/06
REDONDELA Multiusos da Xunqueira	Do 13/06 ao 29/06
VILAGARCÍA DE AROUSA Auditorio	Do 01/07 ao 30/07
A CORUÑA Biblioteca nodal	Do 02/09 ao 16/09
LUGO Biblioteca nodal	Do 18/09 ao 30/09
OURENSE Casa da Xuventude	Do 02/10 ao 16/10
A RÚA Casa da Cultura	Do 18/10 ao 03/11
CEE Nova Casa da Cultura	Do 01/12 ao 14/12
CELANOVA Casa dos poetas	Do 16/12 ao 30/12



3. DÍAZ CASTRO A TRAVÉS DO AUDIOVISUAL

3.1 Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Televisión de Galicia. A Xunta de Galicia e a CRTVG colaborarán na difusión audiovisual da vida e da obra de Díaz Castro, con iniciativas como a programación de **microespazos animados** con poemas de Díaz Castro durante todo o mes de maio ou a emisión de novos documentais. A CRTVG habilitará un **sitio web** dedicado á difusión da obra do autor homenaxeado.

3.2 Programación no CGAI. O Centro Galego das Artes da Imaxe (CGAI), da Agadic, proxeclará con motivo do festexo das Letras o documental de Xosé Antón Cascudo ***O instante eterno***, sobre a vida e a obra de Díaz Castro, que inclúe imaxes de arquivo desta institución. Este documental está integrado tamén na exposición itinerante da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, ***Nimbos de luz***.

No CGAI proxeclarase ademais unha **selección de videopoemas** de autor, a partir de textos de Díaz Castro.

3.3 Documentais na rede. O documental ***Nimbos de poesía***, de Ophiusa Produtora de Vídeos, biografía audiovisual de Xosé María Díaz Castro, porase á disposición da comunidade educativa no web www.xunta.es/linguagalega



4. ACTOS CONMEMORATIVOS NOS CONCELLOS DE GALICIA

A programación de actividades na Rede de Dinamización Lingüística, coordinada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, inclúe este ano a xincana **Xosé María Díaz Castro na memoria da xente**, que chegará aos concellos de Cereda, A Estrada, Redondela, Vilagarcía de Arousa, A Rúa, Cee e Celanova, dirixida a escolares de último ciclo de primaria e primeiro de secundaria, de abril a decembro, como complemento ao percorrido da mostra Xosé María Díaz Castro.



5. ACTIVIDADES NO ÁMBITO ESCOLAR

Os centros de ensino celebran con numerosas actividades a festa das nosas Letras. Ademais das iniciativas particulares de cada centro, a Consellería de Cultura e Educación realiza programacións para o conxunto dos centros educativos.

5.1 Concurso-Exposición Letras Galegas 2014. Convocado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística arredor de Xosé María Díaz Castro e dirixido a escolares, os proxectos gañadores do concurso nas categorías de primaria e secundaria editaranse e distribuiranse en preto de 2.000 puntos de Galicia e do exterior – nomeadamente centros de ensino, centros de estudos galegos e lectorados, centros da emigración, bibliotecas nodais e municipais, servizos lingüísticos e entidades pertencentes á Rede de Dinamización Lingüística – co gallo das Letras Galegas, coa finalidade de fomentar o achegamento ao autor e á súa obra e de poñer á disposición dos centros de ensino materiais complementarios ás aulas de lingua galega e literatura.

5.2 Actividades dos equipos de dinamización da lingua galega. Centradas na vida, na obra e na etapa en que viviu o autor homenaxeado, as iniciativas dos equipos iranse poñendo á disposición da comunidade educativa en www.xunta.es/linguagalega/leturas_galegas.



6. LETRAS GALEGAS NAS BIBLIOTECAS

As bibliotecas nodais da Secretaría Xeral de Cultura desenvolven un amplo programa de actividades arredor das Letras Galegas.

6.1 Biblioteca nodal da Coruña Miguel González Garcés. A biblioteca nodal da Coruña, ademais de acoller a **exposición *Nimbus de luz*** no mes de setembro, elaborará unha **guía de lectura** da obra do autor.

Para público adulto, a biblioteca ten programada a charla **Xosé María Díaz Castro: poesía galega da paisaxe**, a cargo de Xesús Manuel Valcárcel López, na que se fará un achegamento á obra de Díaz Castro e unha análise comparada doutras figuras da nosa lírica que se inspiraron na paisaxe, como Lamas Carvajal, Noriega Varela, Aquilino Iglesia Alvariño, Novoneyra ou Manuel María.

A volta ao mundo de Penélope é a actividade para os máis pequenos que desenvolverá Mau Asociación Lareira Global, unha maridaxe entre a oralidade e a elaboración dun debuxo mural combinada con música; unha homenaxe á lingua e ao autor das Letras Galegas.

6.2 Biblioteca nodal de Lugo. A biblioteca ten previsto implicar os seus usuarios na celebración das Letras Galegas coa convocatoria do **XX Certame de Narración e Debuxo Infantil**, no que nenos e rapaces poden participar competindo por categorías de idade (ata 8 anos, de 9 a 11 e de 12 a 16 anos). Ademais, contarán no mes de maio cunha **mostra bibliográfica** de Xosé María Díaz Castro no vestíbulo da biblioteca e unha **guía de lectura** de Díaz Castro.



Retratando a Díaz Castro é outra das actividades desta biblioteca. Dirixida a nenos e nenas de 5 a 12 anos, o 16 de maio, ás 18:00 h, consistirá no deseño dun retrato de Díaz Castro. Trátase dun formato lúdico para achegarse a este escritor de gran relevancia na literatura galega e de aprender a técnica de colaxe. E, para os adultos, o xoves 15, ás 19:00 h, terá lugar un **recital poético** con poemas de Xosé María Díaz Castro no salón de actos da biblioteca.

No mes de setembro, do día 18 ao 30, poderase visitar nesta biblioteca a **exposición Nimbos de luz**.

6.3 Biblioteca nodal de Ourense. As Letras Galegas levarán múltiples actividades creativas para os más pequenos á biblioteca nodal ourensá. O **obradoiro creativo** de Babaluva teatro, para nenos e nenas de 5 a 12 anos, será o sábado 10 de maio ás 11:30 h. Á mesma hora, desenvolverase o **Obradoiro de cómic**, no que os participantes traballarán sobre autores galegos. E o martes 13 de maio, os rapaces de 4 a 7 anos, poderán asistir aos **Contiños con Susana**, a partir das 18:30 h, con historias vinculadas á lingua e ao autor homenaxeado.

Ademais, durante toda a semana, a biblioteca reforzará a difusión das Letras Galegas a través das redes sociais e coa creación dun **centro de interese Díaz Castro**. A biblioteca ofrecerá tamén **visitas guiadas** a colexios e á cidadanía que desexe coñecer o funcionamento do servizo. E o 16 de maio celebrará un **sorteo de varios lotes de libros** entre os usuarios que leven en préstamo libros en galego (desde o 24 de abril ata o 15 de maio).

6.4 Biblioteca nodal de Pontevedra Antonio Odriozola. A biblioteca pontevedresa planificou este ano, como actividade



para os usuarios adultos, o ***Pasaporte de lecturas das Letras Galegas***, para fomentar a lectura en galego. Do 1 de febreiro ata o 15 de maio, o **centro de interese Letras Galegas 2014** proporá unha selección de obras de ou sobre autores homenaxeados nas diferentes edicións deste festexo que vén celebrándose desde 1963, do que o participante deberá ler un mínimo de catro títulos. Unha vez completado o pasaporte cos selos correspondentes, depositaranse nunha urna, para participar nun sorteo público de tres lotes de libros entre os pasaportes recibidos, que terá lugar o 16 de maio ás 12:00 h.

Ese mesmo día pola tarde, de 18:00 a 19:00 h, na sala infantil da biblioteca, terá lugar o obradoiro creativo ***Xogando coas Letras*** para traballar a importancia da diversidade lingüística e convidar a internarse no mundo das linguas. A cargo de Eduvía, este taller está dirixido a nenos/as de 6 a 10 anos (con inscrición previa, a partir do luns 5 de maio).

Por outra parte, do 26 de marzo ao 14 de abril, a biblioteca acollerá a **exposición *Nimbos de luz***, na sala de exposicións da biblioteca.

6.5 Biblioteca nodal de Santiago de Compostela Ánxel Casal. A biblioteca nodal compostelá ten programado para o 14 de maio, ás 19:00 h, o **obradoiro literario *A poesía non morde!*** que impartirá Yolanda Castaño.

A mesma semana, a partir do día 12, poderase visitar na biblioteca a exposición sobre Xosé María Díaz Castro ***Nimbos de luz***. Con motivo das Letras realizarase tamén un **recital da obra de Xosé María Díaz Castro** a cargo dos integrantes do Obradoiro Interoxeneracional de Poesía da Biblioteca Ánxel Casal. E o día 16 entregaranse os premios do ***Concurso de***



carteis infantís sobre Xosé María Díaz Castro.

Como novidade, e ainda sen concretar a data, os voluntarios da biblioteca realizarán unha **obra de teatro infantil**, no marco do Programa de Voluntariado Cultural nas Bibliotecas.

6.6 Biblioteca nodal de Vigo Juan Compañel. O día 16 desenvolverase na Juan Compañel o obradoiro, para nenos e nenas a partir de 6 anos, *Descubre o tesouro da poesía: Xosé María Díaz de Castro*, a cargo de IMASV, para achegar a poesía deste autor a través da ilustración. Será ás 18:00 h.

O 13 de maio, ás 18:00 h, teatro Babaluva desenvolverá a actividade ***Retratando a Díaz Castro***, para nenos/as de 5 a 12 anos, de deseño coa técnica de colaxe en estilo cubista.

Na semana das Letras, os usuarios encontrarán a **mostra bibliográfica *Díaz Castro na Biblioteca Juan Compañel***, un percorrido polo vida e obra de Díaz Castro a través dos libros da biblioteca.

6.7 Biblioteca de Galicia. O día 16 de maio terá lugar un acto literario musical organizado polo Centro Pen de Galicia e a Fundación Cidade da Cultura. Ademais, durante todo o mes poderase visitar na Biblioteca de Galicia unha **mostra bibliográfica** da vida e obra do autor homenaxeado, Xosé María Díaz Castro.



7. DIFUSIÓN EXTERIOR DE DÍAZ CASTRO

7.1 Actividades nos lectorados de lingua e cultura galegas de universidades de todo o mundo. As propostas dinamizadoras desenvolvidas polos lectorados de lingua e cultura galegas das universidades pertencentes á Rede de Centros de Estudos Galegos da Xunta de Galicia poderase consultar en www.xunta.es/linguagalega.

7.2 Acto conmemorativo no País Vasco. As Letras Galegas 2014 celebraranse tamén en Urretxu (Euskadi), concello no que residiu Xosé María Díaz Castro durante a súa etapa no País Vasco, promovido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística en colaboración co Goberno Vasco.

7.3 Edicións noutras linguas. Este ano verán a luz as versións en inglés, ruso e éuscaro de poemas de Díaz Castro, dentro das edicións conmemorativas.

7.4 Difusión de materiais fóra de Galicia. A comezos de 2014, distribuíronse nos centros galegos de España calendarios conmemorativos das Letras Galegas, editados polo concello de Guitiriz coa colaboración da Consellería de Cultura e Educación.

Información aos medios:

Gabinete de Prensa
ConSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
prensa.cultura.educacion@xunta.es
Tlef. 981 957 350 / 981 544 490



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

